



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MAZARICOS

*Aprobación de padrón fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento.
Exercicio 2026*

EDICTO

Por resolución da Alcaldía de data 20.02.2026 aprobouse o padrón fiscal da taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento (exercicio 2026) e as liquidacións integrantes do mesmo.

A efectos da súa notificación colectiva, publícase este edicto para o seu xeral coñecemento en cumprimento dos artigos 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo.

Período voluntario. De conformidade co artigo 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, establécese o seguinte prazo para o pago en período voluntario:

Inicio	Fin
23.02.2026	23.03.2026

Forma de pago. Con carácter xeral, o pagamento efectuarase mediante cargo na conta bancaria designada polas persoas obrigadas.

Nos casos en que non se designase orde de domiciliación, as persoas obrigadas deberán realizar transferencia ou ingreso en efectivo na seguinte conta bancaria:

ES04 2080 0313 9231 1000 0049 (ABANCA)

Exposición. O padrón e as liquidacións integrantes deste permanecerán expostos ao público nas dependencias municipais durante o prazo de pago en período voluntario.

Recursos. Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, que se regula no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, en relación co artigo 108 da Lei 7/1985 de 2 de Abril de Bases de Réxime Local, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ao da finalización do período de pago voluntario, ante o mesmo órgano que ditou o acto.

Pola súa banda contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición referido, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución desestimatoria, cando esta sexa formulada de forma expresa, ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data en que o referido recurso de reposición deba entenderse desestimado de forma presunta, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, con arranxo ao sinalado nos artigos 8.1, 25.1 e 46.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Mazaricos, 20 de febreiro de 2026

O Alcalde,

Juan José Blanco Riveiro